



CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO TRIBUNAL DE PIANO

PROBAS DE ACCESO AO CURSO 2024-25

Parte A

Interpretación dun programa integrado por obras e/ou estudos dunha dificultade adecuada ao nivel de acceso a estes estudos. O tribunal valorará o nivel amosado polo aspirante en cada un dos seguintes apartados:

- Control técnico do instrumento: grao de solvencia na resolución dos principais problemas técnicos tales como escalas, arpejos, adornos, oitavas, dobres notas, polifonía e dixitacións; seguridade na execución das obras (25% da nota).
- Calidade do son: aplicación dos diferentes tipos de ataque, uso dos pedais e gama dinámica (25% da nota).
- Expresividade: fidelidade ao texto nas indicacións de fraseo e expresión, capacidade expresiva e comunicativa (25% da nota).
- Estilo: correcta adecuación estilística do programa interpretado (25% da nota).

Parte C

Lectura a vista. O tribunal valorará o nivel amosado polo aspirante en cada un dos seguintes apartados:

- Lectura: fidelidade ao texto (40% da nota).
- Execución: solvencia técnica e seguridade (40% da nota).
- Interpretación: capacidade comunicativa e expresiva, correcta adecuación estilística (20% da nota).